.

I.E.S." MARTAGUISELA"

DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

# PLAN DE ORIENTACIÓN ESCOLAR

PROGRAMACIÓN CURSO 2022 /2023

ÍNDICE


1. ANÁLISE DO CONTEXTO E PRIORIZACIÓN DE NECESIDADES

2. OBXECTIVOS XERAIS DO PLAN DE ORIENTACIÓN

3. ESTRATEXIAS DE INTERVENCIÓN

   3.1.Departamento de Orientación
   3.2 Apoio ao proceso de ensinanza-aprendizaxe e atención á diversidade.
   3.3.Concreción do Plan de Acción Titorial
   3.4.Plan de Orientación Académico-profesional

4. AVALIACIÓN DO PLAN

# 1. ANÁLISE DO CONTEXTO E PRIORIZACIÓN DE NECESIDADES

## Descrición do contexto

**O IES "Martaguisela" localízase no núcleo urbano do concello de O Barco, o cal ten unha poboación duns 13000 h. A economía basease na extracción de louxa e, en menor grao , na produción vitivinícola. Está situado a 100 km de Ourense capital e pouco máis de 10km da comarca leonesa do Bierzo.**

**O centro oferta estudios de ESO e Bacharelato A matrícula está arestora curso 2022/2023 en 333 alumnos/as. O alumnado provén na práctica totalidade dos CEIP "Julio Gurriarán", " Otero Pedraio", Rubiá e Valdegodos na ESO, accedendo asemade un reducido número de alumnado desde á ensinanza concertada a Bacharelato.**

**Este curso o profesorado interino e/ou substituto supón unha porcentaxe significativa do claustro de profesorado**

**A extracción do alumnado é fundamentalmente de nivel socioeconómico medio e medio/baixo acollendo a un número variable de inmigrantes ( brasileiros, dominicanos ,colombianos fundamentalmente, aínda que , en menor medida, marroquís e pakistanies…)**

# Análise e priorización de necesidades.

## a) Do profesorado:

**As demandas máis frecuentes son o asesoramento e colaboración na atención á diversidade de aptitudes e motivación e nas condutas disruptivas e de indisciplina do alumnado.**

## b) Do alumnado :

**--Por derivación do profesorado: Atención por retraso escolar significativo , dificultades de aprendizaxe, retraso cognitivo, desmotivación, alteracións da conduta, alumnado diagnosticado con TDAH….**

**--Demandas realizadas por eles: Conflitos con compañeiros/as , situacións de acoso escolar, queixas pola actuación de profesores/as, orientación vocacional.**

**--Atención ao seu benestar e desenvolvemento emocional**

**A valoración inicial de necesidades educativas específicas e especiais no alumnado detecta:**

- **1º ESO: 14 ALUMNOS/AS ( 1 repiten 1º)**

**Trátase de alumnado de nova incorporación ao centro, procedente de 6º de Educación Primaria. O alumnado que asista ás clases de apoio terá adaptación curricular, agás unha alumna con discapacidade auditiva que recibirá só 1 hora semanal de atención do mestre de Audición e Linguaxe. Tres alumnos/as teñen recoñecido un grao de discapacidade. .**

**2º ESO: 12 _ALUMNOS/AS**

**Só dous deles repite 2º , o resto promocionou de 1º ESO. Todos teñen adaptación curricular en Matemáticas, e nove, ademais, teñen noutras materias.**

**4º ESO: 1 alumna que terá adaptación curricular en Matemáticas e Lingua Castelá e Literatura.**

**c) Dos pais: alteracións condutuais dos fillos, desmotivación e falta de hábitos e técnicas de estudio, posibles situacións de maltrato entre iguais...**

**Destas necesidades e tendo en conta os recursos do centro , este curso priorízanse :**

**PRIORIZACIÓN DE NECESIDADES**

**1º.Identificación e atención ás necesidades educativas**

**2º.Atención a alumnado con necesidades educativas especiais e específicas.**

**3º. Asesoramento e apoio ao equipo docente do devandito alumnado.**

**4º. Apoio ao benestar emocional da comunidade educativa, especialmente do alumnado.**

**5º. Apoio ao profesorado titor**

**6º. Orientación académico-profesional.**

## 2. OBXECTIVOS XERAIS  DO PLAN DE ORIENTACIÓN

- **Apoiar ao alumnado repetidor e/ ou a aquel que promociona con materias pendentes.**
- **Colaborar co profesorado titor na identificación de necesidades educativas específicas e especiais.**
- **Programar accións para atender á diversidade , incluíndo necesidades educativas específicas e especiais.**
- **Apoiar ao alumnado repetidor e/ ou a aquel que promociona con materias pendentes.**
- **Colaborar co equipo docente no axuste do currículo ás necesidades educativas específicas e especiais.**
- **Atender  directamente cos recursos persoais e materiais deste departamento  a alumnado con necesidades educativas específicas e especiais .**

- **Deseñar e implantar actuacións que contribúan ao equilibrio e benestar emocional da comunidade educativa.**

- **Contribuír á mellora da convivencia no centro e aulas, incidindo especialmente na educación para a igualdade, na prevención e erradicación do maltrato entre iguais, a aprendizaxe de estratexias positivas de resolución de conflitos e a prevención / intervención ante condutas disruptivas.**

- **Ofrecer información e asesoramento vocacional ó alumnado e familias .**

- **Acompañar e axudar a alumnado no seu proceso individual de desenvolvemento social e afectivo.**

# 3 .ESTRATEXIAS DE INTERVENCIÓN

## 3.1.COMPOSICIÓN DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

**O profesorado membro deste departamento para o curso será:**

- **Profesora de Pedagoxía Terapéutica: Mª Elena Regueiro Rubiás.**
- **Profesor de Audición e Linguaxe: Verónica Ríos Vila**
- **Xefa do Departamento de Orientación: Ana María Fernández Neira .**

### *DISPOÑIBILIDADE HORARIA*

**--Profesora de Pedagoxía Terapéutica: 20 sesións lectivas semanais**

**--Profesora de Audición e Linguaxe: 20 sesións lectivas semanais**

**--Xefa do departamento: 22 sesións semanais de atención no departamento( redución por pertenza ao Consello Escolar)**

**____________A hora de reunión do departamento será os mércores ás 16:30.**

## 3.2. ÁMBITO DE APOIO Ó PROCESO DE ENSINANZA-APRENDIZAXE E ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

**OBXECTIVOS**

**--Colaborar na avaliación inicial na etapa de ESO.**

**--Asesorar no axuste de programacións didácticas ao nivel de cada grupo -clase.**

**--Participar no proceso de dar resposta ás necesidade de alumnado con necesidades educativas específicas e/ ou especiais.**

**--Colaborar , apoiar e asesorar ao profesorado no seu labor docente .**

**--Fomentar e participar en procesos de formación permanente e proxectos de innovación docentes.**

--Coordinarse con outras entidades educativas, sociais ou administrativas no que poda afectar aos procesos de aprendizaxe do alumnado.

--Contribuír ao progreso do alumnado repetidor e con materias pendentes.

## MEDIDAS E ACTUACIÓNS

### *SETEMBRO/ 1ª QUINCENA DE OUTUBRO*

**1. Detección e selección de alumnado que asistirá a clases de apoio de Pedagoxía Terapéutica e/ ou Audición e Linguaxe :**
**a) realización de avaliacións psicopedagóxicas**
**b), revisión de expedientes de cursos anteriores e informes ,**
**c)consulta de actas de xuntas de avaliación,**
**d) entrevistas con titores do curso pasado, e tc.**

**A listaxe inicial, elaborada segundo os informes dos centros de primaria adscritos e o seguimento do alumnado de apoio do curso anterior e os resultados da avaliación, a principios de curso está composta por 26 alumnos/as , distribuídos en 3 liñas de 1º ESO e 2 liñas de 2º ESO.**

**2.Organización das clases de apoio de Pedagoxía Terapéutica e Audición e Linguaxe: distribución de alumnado e horas, aulas, etc. Facilitar información sobre o alumnado a este profesorado. Dado o elevado**

**número de alumnado que recibirá apoio e que todos /as teñen adaptación curricular a atención realizarase na aula de apoio.**

**3.Identificación do alumnado candidato á exención de cursar Francés e organización da súa atención. En 1º ESO a atención desempeñarana as profesoras de apoio.**

**4..Avaliación psicopedagóxica alumnado de nova incorporación ás clases de Pedagoxía Terapeútica e/ ou Audición e Linguaxe . Será preciso realizar avaliación psicopedagóxica a 13 alumnos/as de 1º ESO e 6 de 2º ESO.**

**5.Avaliación psicopedagóxica e elaboración de informes para alumnado do Programa de Diversificación Curricular. (10 alumnos/as)**

**6.Colaboración na avaliación inicial do alumnado,**

**8.Asesoramento na elaboración de programas específicos personalizados e de recuperación para alumnado repetidor ou que promociona con materias pendentes.**

**9.Información ao equipo docente das necesidades educativas e información pertinente que afecte ao seu alumnado.**

**10.Coordinación cos CEIP adscritos.**

**11. Elaboración de informes psicopedagóxicas para ACS e envío a Inspección Educativa. (Serán 13 expedientes para 1º, 14 para 2º e 1 para 4º ESO:**

## -2ª QUINCENA DE OUTUBRO/DECEMBRO

**1. Asesoramento a profesorado en medidas de atención á diversidade: alumnado con ACI, necesidade de reforzo educativo, modificacións da programación de aula.**

**2. Elaboración de informes psicopedagóxicas para ACS e envío a Inspección Educativa.**

**3.Colaboración na elaboración e seguimento de programas específicos personalizados e de recuperación para alumnado repetidor ou que promociona con materias pendentes.**

**3.Asesoramento aos departamentos didácticos na elaboración de programas específicos personalizados.**

**4.Participación en Comisións de Coordinación Pedagóxica.**

**5.Coordinación profesorado PT/ profesorado de aula ordinaria.**

**6. Desenvolvemento das clases de apoio para alumnado con adaptación curricular que se impartirá na aula de apoio.**

**6.Coordinación cos centros de Ed. Primaria de procedencia do alumnado do IES, especialmente o CEIP Julio Gurriarán Canalejas.**

**9.Seguimento individualizado do alumnado repetidor: entrevistas, elaboración dun plan de traballo individualizado,**

## 2ªAVALIACIÓN

**1.Análise dos resultados da 1º avaliación, especialmente de alumnado con Adaptacións Curriculares .**

**2.Coordinación intradepartamento.**

**3.Seguimento de plans específicos personalizados e plans de recuperación.**

**4.Participación en Comisións de Coordinación Pedagóxica**

**5.Realización das avaliacións psicopedagóxicas pertinentes e tramitacións , de ser o caso, de Adaptacións Curriculares significativas.**

**6.Coordinación profesorado PT/ AL profesorado de aula ordinaria.**

**7.Coordinación cos centros de Ed. Primaria de procedencia do alumnado do IES, especialmente Julio Gurriarán Canalejas.**

**8.Colaboración con Servizos Sociais ( dos concellos, Equipo Técnico do Menor, Casa Arela) para o seguimento inicialmente de alumnado xa atendido por eles ,comunicación de posibles alertas, etc.**

**9.Coordinación co Equipo de Orientación Específico naqueles casos que , eventualmente, requiran a súa intervención.**

**10.Asesoramento e colaboración co profesorado en medidas de atención á diversidade.**

## --3ª AVALIACIÓN

**1.Análise dos resultados da segunda avaliación, especialmente do alumnado con ACs.**

**2.Coordinación intradepartamento.**

**3.Seguimento de plans específicos personalizados e plans de recuperación.**

**4.Participación en Comisións de Coordinación Pedagóxica**

**5.Coordinación profesorado PT/ AL profesorado de aula ordinaria.**

**6.Coordinación cos centros de Ed. Primaria de procedencia do alumnado do IES, especialmente Julio Gurriarán Canalejas.**

**7.Colaboración con Servizos Sociais ( dos concellos, Equipo Técnico do Menor, Casa Arela) para o seguimento inicialmente de alumnado xa atendido por eles ,comunicación de posibles alertas, etc.**

**8.Coordinación co Equipo de Orientación Específico naqueles casos que , eventualmente, requiran a súa intervención.**

**9.Asesoramento e colaboración co profesorado en medidas de atención á diversidade.**

**10.Elaboración dun protocolo acordado cos centros de primaria adscritos para a información de necesidades educativas do alumno de nova incorporación.**

**11.Proposta de alumnado candidato á Formación Profesional Básica**

**12.Análise dos resultados xerais do centro .**

**13.Valoración da evolución do alumnado atendido no departamento de Orientación: ACIs superadas, previsión de alumnado e ACI para o curso próximo, etc**

## 3.3.CONCRECIÓN DO PLAN DE ACCIÓN TITORIAL

### OBXECTIVOS

- **Velar pola asistencia regular de cada alumno/a ao centro.**
- **Acompañar e potenciar o proceso de desenvolvemento das competencias de aprender a aprender, culturais, cívicas, sociais e de iniciativa do alumnado.**
- **Contribuír ao coidado do benestar físico e emocional do alumnado.**
- **Fomentar que a Educación para a Igualdade se converta en eixo central da formación do alumnado.**
- **Mellorar a convivencia no centro, con énfase na prevención de situacións de acoso escolar e na aprendizaxe de estratexias positivas de resolución de conflitos.**
- **Colaborar coas familias e outras institucións que exerzan os dereitos e deberes das familias, de ser o caso.**

## MEDIDAS E ACTUACIÓNS

### 1. Actuacións do departamento de orientación:

- **Coordinación mensual co profesorado titor da ESO. De xeito cotiá orientadora e profesorado titor manteranse en contacto vía correo electrónico.**

  **As horas para as reunións son as seguintes:**

  **a) Con profesorado titor de 1º ESO: primeiro mércores de mes, ás 11:20.**

  **b) Con profesorado titor de 2º ESO: primeiro xoves de mes , ás 11:20**

  **c) Con profesorado titor de 3º ESO: primeiro martes de mes ás 10:30**

  **d) Con profesorado titor de 4º ESO: primeiro martes de mes ás 11:20**

- **Proposta de materiais e actividades para a titoría lectiva en ESO.**
- **Acción titorial do profesorado de apoio**
- **Avaliación final de actividades e materiais.**
- **Atención directa ao alumnado: desenvolvemento académico, afectivo, relación con compañeiros, etc..**
- **Atención ás familias, tanto directa como en colaboración coa ANPA e na organización de actividades de formación para as mesmas.**
- **Participación en actividades de acción titorial fóra da sesión lectiva de titoría semanal.**

### 2.Actuacións do profesorado titor

- **Control de asistencia a clase segundo o establecido no Protocolo de Absentismo escolar.**

- Comunicación regular e fluída coas familias.

- Coordinación do equipo docente da súa titoría: avaliación inicial ,identificación e aprendizaxes non adquiridas o curso pasado , axuste das programacións á aula, presidencia de xuntas de avaliación.

- Coordinación das medidas de atención á diversidade no seu grupo, en colaboración co departamento de orientación.

- Seguimento da evolución académica do seu grupo e de cada un/unha dos/as alumnos/as.

- Atención , en colaboración co departamento de orientación , ao desenvolvemento pleno de competencias no seu alumnado de titoría.

- Intervención en posibles situacións de maltrato entre iguais, en coordinación co Equipo Directivo e o Departamento de Orientación.

- Posta en práctica de actividades propostas e/ ou organizadas para titoría por parte do departamento de orientación e Vicedirección .

- Elaboración do consello orientador final de curso.

## 3.Actuacións prioritarias

### ESO

A.Dinámicas e actividades para a integración de cada alumno/a na aula e no centro recollidas no Plan de Acollida.

B. Elección razoada e debatida da persoa delegada e subdelegada.

C.Sensibilización, prevención e intervención en situacións de maltrato entre iguais.

D. Educación para a Igualdade.

E. Coidado da saúde física e emocional.

F. En 4º curso de ESO terá tamén carácter prioritario a Orientación Académico-Vocacional.

## BACHARELATO

**A. Actividades de acollida.**

**Ao non dispoñer de sesión lectiva de titoría , limitaranse ás actividades de presentación .**

**B. Orientación académico-vocacional**

## 4.Bloques de actividades

**Refírense a paquetes de actividades e actuacións ao redor dun eixo de contido. Inclúe as actuacións prioritarias e outros bloques que se ofertarán ao profesorado . Serán desenvolvidos na ESO na sesión de titoría lectiva, con carácter preferente, e/ou noutras sesións lectivas cando estén promovidas por outras entidades, como Cruz Vermella.**

**--ACTIVIDADES DE ACOLLIDA:**

**--Xornada de acollida para alumnado 6º ESO.**
**-- Dinámicas e actividades para a integración de cada alumno/a na aula e no centro recollidas no Plan de Acollida.**

**1. Actividade de presentación:**

Desde a propia silla, sen desprazamentos.
--Nome
--A miña mellor cualidade
--O que mais me gusta no mundo
--Que espero acadar neste curso
--Podo axudar aos demais en….

**2.Elaboración do Plan persoal para este curso:**

a)Obxectivos para estas dúas primeiras do curso
b)Obxectivos para o curso
c)Inquietudes para o comezo do curso
d)Áreas, actividades ou contidos onde podo necesitar mais axuda
e)Áreas, actividades ou contados onde podo axudar

Pedirlle a cada estudante que lea en voz alta en que pode axudar. O profesorado recolle os plans , de xeito anónimo, salienta ante o grupo as inquietudes que mais se repiten. Pódese facer una choiva de ideas sobre como afrontalas e deixar o resultado por escrito.

**4.Proposta individual de axuda e colaboración na aula e no centro.**

Posibles accións:

a) Responsabilidade individual nas medidas de hixiene e prevención
b) Prestar atención a como se atopa quen nos rodea.
c) Preguntarlle a quen vexamos triste, preocupado, asustado…, que lle pasa
d) Ofrecer compañía a quen podamos ver illado
e) Axudar , coas precaucións debidas, ante as dificultades dalgún compañeiro ou compañeira.
f) Manter a orde e silencio necesarios na clase.
g) Crear a figura de “dinamizador do benestar na aula” , que se levaría a cabo de xeito rotativo semanal. Podería encargarse cada semana de estar atento a como se atopan compañeiros e compañeiras, axudando, animando a otras persoas a que axuden, comunicarlle ao profesorado titor ou de aula, etc……..

Recollida das propostas para posta en común.

**5.Confección dun compromiso grupal de clase a partir do debate e acordo sobre as propostas individuais**

## --ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO GRUPO E O CENTRO

### --Concienciar sobre a necesidade das normas.

### --Difundir as NOF entre o alumnado e o Plan de Adaptación fronte á COVID-19 do centro.

### --Elaboración das normas para a aula.

### --Reflexión e elección de persoa delegada

## --MELLORA DA CONVIVENCIA

### --Creación da figura dos axudantes de convivencia na aula.

**--Desenvolvemento de actividades para o desenvolvemento de habilidades sociais e de resolución pacífica de conflitos.**

**--Habilidades de comunicación eficaz**

**--A distorsión comunicativa e os rumores.**

**--Sensibilización e prevención de maltrato entre iguais.**

**--Sensibilización e orientacións para un uso seguro de Internet...**

**--EDUCACIÓN PARA A SAÚDE.**

**--Hábitos de alimentación saudable**

**--Vida activa e ocio saudable**

**--Creación de campañas a través das redes sociais, da páxina web do centro.**

**--Saúde Sexual**

**--PREVENCIÓN DE DROGODEPENDENCIAS**

**--Identificación de mitos e crenzas erróneas sobre o consumo de tabaco, alcohol, sustancias ilegais.**

**--Análise das consecuencias do consumo a corto, medio e longo prazo.**

**--Reflexión sobre as causas que orixinan e manteñen o consumo.**

**--Asertividade: aprender a dicir que non.**

**--INTELIXENCIA E BENESTAR EMOCIONAL**

**-- Alfabetización emocional,**

**--Emocións positivas e negativas**

**--Aceptación , expresión e canalización das emocións.**

**--Empatía**

**--Relación cognición-emoción**

**--APRENDER A PENSAR E ESTUDAR**

**--Coñecemento dos factores e condicións que favorecen a motivación, concentración e rendemento académico.**

**--Planificación de tempos e espazos.**

**--Práctica de diferentes técnicas: subliñar, esquema, resumo, mapa conceptual,repartida segundo os diversos niveis.**

**--Exercicios de estimulación cognitiva e creatividade.**

**--Práctica de técnicas de memorización**

**--ORIENTACIÓN ACADÉMICO-PROFESIONAL**

**( A información sobre este bloque desenvólvese no ámbito de Orientación Académico-profesional)—**

**--EDUCACIÓN AFECTIVO-SEXUAL**

**--Identificación de mitos e crenzas erróneas sobre a sexualidade.**

**--Enfermidades de transmisión sexual e métodos de protección.**

**--Sensibilización e información sobre métodos anticonceptivos: uso correcto.**

**--Práctica de habilidades de comunicación.**

**--Actividades de reflexión sobre situacións que atentan contra a liberdade sexual. acoso e violencia sexual, discriminación da homosexualidade.**

**--EDUCACIÓN PARA A IGUALDADE ,CONTRA A LGBTIFOBIA E PREVENCIÓN DA VIOLENCIA DE XÉNERO**

**--Identificación de estereotipos sexuais na publicidade .**

**--Busca de sesgos sexistas nos libros de texto.**

**--Análise do uso sexista da linguaxe**

**--Análise de situacións de violencia de xénero aparecidas en xornais.**

**--Actividades de reflexión sobre o traballo doméstico e o reparto de tarefas.**

**--Elaboración de informes sobre mulleres que salienten en parcelas pouco habituais.**

**--Actividades de reflexión sobre situacións que atentan contra a liberdade sexual. acoso e violencia sexual, discriminación da homosexualidade.**

**--SESIÓNS DE PRE E POST AVALIACIÓN**

**--Autoavaliación nas materias e en aspectos como: actitude e interese, conduta en clase, hábitos de estudio, planificación e organización do traballo.**

**--Comparación dos resultados coas expectativas . Elaboración dun plan de mellora individual.**

**--TRANSICIÓN ENTRE ETAPAS:**

**--Charlas informativas nos centros de Educación Primaria adscritos dirixidas aos pais do alumnado**

**--Gravación e difusión de vídeos en que o alumnado de 1º ESO do curso actual explique e valore a súa experiencia ata o momento. Eses vídeos serían visionados polo alumnado de 6º Educación Primaria e poderían difundirse usando a plataforma educativa Edixgal.**

**--Visita do alumnado de 6º Educación Primaria ao noso centro.**

--Incluímos aqui tamén as sesións informativas na aula para alumnado de 4º ESO ante a escolla de continuación de estudos.

--Coordinación entre os departamentos de orientación dos CEIP e o do IES Martaguisela

## 5.ÁMBITOS DE INTERVENCIÓN

### 5.1. Titoría semanal lectiva. Temporalización

Inicialmente desde orientación realízase unha proposta de planificación para o 1º trimestre. Durante o 2º e 3º trimestres, acordaranse co profesorado titor os temas e actividades por desenvolver, partindo dos bloques de contido propostos no punto 3. Núcleos de actividades para o alumnado.

## 1º TRIMESTRE

-------------1º ESO ----------------------------------------------------------------------

--Actividades de acollida ( 2 sesións), incluíndo cuestionario inicial para titoría.

--Coñecemento das NOF e debate razoado sobre as normas para a aula (2 sesións)

--Reflexión e elección de persoa delegada ( 1 sesión )

**--Traballo na actividade “Apuntámonos a non beber “ do Plan Proxecta ( 1 sesión )**

**--Traballo na actividade “Clases sen fume “ do Plan Proxecta. (4 sesións)**

**<u>--------------------2º ESO</u>**

**--Actividades de acollida ( 2 sesións), incluíndo cuestionario inicial para titoría.**

**--Coñecemento das NOF e debate razoado sobre as normas para a aula (2 sesións)**

**--Reflexión e elección de persoa delegada ( 1 sesión )**

**--Traballo na actividade “Apuntámonos a non beber “ do Plan Proxecta ( 1 sesión )**

**--Traballo na actividade “Clases sen fume “ do Plan Proxecta. (4 sesións)**

**--------------- <u>3º ESO</u>**

**+++Actividades de acollida ( 1 sesión)**

**+++Organización e funcionamento do grupo, incluíndo elección de persoa delegada e elaboración de normas. ( 2 sesións)**

**+++Conmemoración Día Internacional contra a Violencia de Xénero ( 2 sesións)**

**+++Mellora da convivencia: Creación da figura do axudante de convivencia. ( 1 sesion)**

*****Educación para a Saúde ( 2 sesións)**

**+++Maltrato entre iguais (1 sesión )**

**<u>--------4º ESO</u>**

**+++Actividades de acollida ( 1 sesión)**

**+++Organización e funcionamento do grupo, incluíndo elección de persoa delegada. ( 1 sesión)**

**+++Mellora do rendemento académico (2 sesións)**

**+++Educación para a saúde. ( 2 sesións)**

**+++Maltrato entre iguais (1 sesión )**

**+++Conmemoración Día Internacional contra a Violencia de Xénero ( 1 sesión)**

**+++Mellora da convivencia:**

**a)Creación da figura do axudante de convivencia.(1 sesión)**

**b) Prevención do maltrato entre iguais**

**c) Sesións previa ao obradoiro de Prevención de Condutas Violentas. ( estilos de comunicación, empatía, resolución de conflitos)**

## 5.2. Participación de axentes externos.

**Solicitouse a inclusión en programas educativos de diferentes axentes externos. O formato habitual serán os obradoiros que se levarán a cabo nas datas e horas que propoñan estes axentes. Con frecuencia coincidirán en horas lectivas que non sexan de titoría.**
**A previsión para este curso será a seguinte:**

a) **Obradoiros da Cruz Vermella:**

**PREVENCIÓN DE CONDUTAS VIOLENTAS**

Destinado ao alumnado de 1º, 2º, 3º, 4º ESO.

**PREVENCIÓN DO ACOSO ESCOLAR**

Destinado a alumnado de 2º de ESO

**EDUCACIÓN PARA A SAÚDE**

b) **Plan Director**

**DROGAS, INCLUÍDO ALCOHOL**

Destinado a 2º ESO

**VIOLENCIA DE XÉNERO**

Destinado a 3º ESO

**CIBERSEGURIDADE**

Destinado a 4º ESO

c) **Plan Proxecta**

Participación en

a)Clases sen fume

b) Apuntámonos a non beber

Estas actividades desenvolveranse no horario de titoría lectiva, con carácter xeral, pero inclúen algunhas sesións noutros espazos lectivos.

## 3.4. ÁMBITO DE ORIENTACIÓN ACADÉMICO-VOCACIONAL

**Obxectivos:**

**I . Contribuír ó desenvolvemento da madureza vocacional**

**II. Informar sobre o sistema educativo nos diferentes aspectos e etapas.(Regrada, formación ocupacional, avaliación de competencias)**

**III. Axudar no proceso individual de toma de decisións vocacionais.**

**IV. Informar a alumnado e familias sobre inserción laboral e iniciativas emprendedoras**

**V. Descubrir as potencialidades do alumnado para facilitar o seu proceso de toma de decisións,**

**Medidas e actuacións**

***Actuacións da Xefatura do Departamento de Orientación:***

- ***Aplicación de probas de aptitudes e intereses para alumnado que o desexe en 3º e 4º ESO . ( Titoría lectiva)***

- *Elaboración de informes sobre profesións en que as mulleres están insuficientemente representadas, facendo fincapé nas profesións relacionadas coa tecnoloxía.*
- *Información grupal e individualizada a 3º sobre a organización do cuarto curso no sistema LOMLOE.*
- *Información grupal e individualizada a 4º ESO: modalidades de bacharelato, ciclos formativos, estudos superiores .( 3º Trimestre, titoría lectiva)*
- *Información grupal a Bacharelatos*
- *Asesoramento individualizado a alumnado e familias.*
- *Organización de charlas impartidas polas Universidades, ciclos formativos, Forzas Armadas.*
- *Prover ó profesorado de materiais para desenvolver actividades dun programa de madureza vocacional.*
- Recuperar as charlas sobre ciclos formativos de formación profesional.

Actividades para a titoría lectiva na ESO

- *Aplicación de probas de aptitudes e intereses para alumnado que o desexe en 3º e 4º ESO . ( Titoría lectiva)*
- *Información grupal e indivualizada sobre as novidades curriculares para 2º e 4º ESO de cara ao curso próximo.*
- *Información grupal e individualizada a 3º sobre a organización do cuarto curso*
- *Información grupal e individualizada a 4º ESO: modalidades de bacharelato, ciclos formativos, estudos superiores .( 3º Trimestre, titoría lectiva)*

Actividades para o Bacharelato

- *Información grupal a Bacharelatos*
- *Asesoramento individualizado a alumnado e familias.*
- *Organización de charlas impartidas polas Universidades, ciclos formativos, Forzas Armadas.*

## 4. AVALIACIÓN DO PLAN DE ORIENTACIÓN

### 4.1..Instrumentos e procedementos

- **Reunións de coordinación do departamento**
- **Reunións co profesorado titor**
- **Coordinación coa Xefatura de Estudos**
- **Cuestionario final de avaliación para alumnado, profesorado, familias.**
- **Os resultados da avaliación sumativa e continua aparecerán na Memoria do Departamento.**
- **Ademais das reunión citadas, elaborarse un cuestionario de valoración con estes criterios que se pasará a profesorado, familias e alumnado.**

### 4.2.Criterios para avaliación

- **Grao de satisfacción do profesorado**

- **Adecuación da  resposta ás demandas do profesorado.**
- **Asistencia ás reunións  do  profesorado titor.**
- **Pertinencia dos contidos e actividades previstas no Plan de Acción Titorial.**
- **Porcentaxe de ACs superadas**
- **Porcentaxe de alumnado con AC que promociona .**
- **Grao de satisfacción das familias: trato e relación humana, adecuación da resposta á demanda realizada**
- **Coordinación intradepartamento.**
- **Valoración da coordinación profesorado de apoio/profesorado ordinario.**
- **Grao de satisfacción do alumnado: trato recibido no departamento de orientación , medidas  de apoio adoptadas, calidade da información recibida para a toma de decisións vocacionais,e tc.**
- **Incremento dos conflitos entre o alumnado que se resolven de xeito positivo.**

**O BARCO DE VALDEORRAS , a 14 de outubro de 2022**